cara ao sur cadansúa lingua romance, debuxando así un mapa lingüístico estruturado en franxas verticais. De oeste a este: o galego, o astur-leonés, o castelán, o aragonés e o valenciano/catalán. Co paso dos séculos, o astur-leonés e o aragonés foron perdendo forza e cedendo territorio a favor do castelán, claramente dominante na franxa lingüística central.



Se a distribución territorial das linguas peninsulares se encontra sobradamente documentada, a distribución da poboación na Península seguía sendo ata hai ben pouco tempo motivo de controversia. Un estudo xenético publicado en 2019 na revista “Nature Communications” veu arrojar luz sobre esta cuestión, demostrando que a distribución da poboación peninsular é practicamente coincidente coa distribución lingüística medieval e por extensión, coas migracións norte-sur levadas a cabo durante os séculos da chamada “Reconquista” (termo obxecto dunha importante controversia historiográfica na actualidade). Como consecuencia daquela (re) colonización, pódese considerar en certa medida que os habitantes do sur son descendentes dos do norte.

O estudo permite concluír que, en xeral, os cidadáns de Ferrol están xeneticamente máis emparentados cos de Faro que cos de Oviedo. Os ovetenses, pola súa banda, están máis preto dos sevillanos que dos santanderinos, e así sucesivamente. Esta descuberta, aínda

que poida parecer contraintuitiva a primeira vista, ten en cambio unha lóxica histórica que a explica á perfección. O parecido entre os mapas lingüístico e xenético non deixa de sorprender.

### O divorcio de Galicia e Portugal


A partir do ano 1400, a lingua común na que se compuxeran as famosas cantigas medievais foise diferenciando progresivamente ao sur do Miño, co desenvolvemento dun estándar portugués a partir da lingua galega. Así o explica o lingüista portugués Fernando Venâncio no seu libro “Assim nasceu uma língua / Assim nasceu ãa língua” (2019). Nel afirma que en realidade a lingua portuguesa ten a súa orixe na galega e non nunha suposta lingua intermedia “galego-portuguesa”, que segundo el nunca existiu, dado que non se pode falar da existencia do portugués ata o século XV, trescentos anos despois do nacemento do Reino de Portugal. Argumenta Venâncio que non se lle pode poñer ao galego medieval o sufixo “-portugués” nun momento da historia no que Portugal nin

sequera existía, e no que a única lingua falada ao norte e ao sur do Miño era idéntica, e todos os documentos se referían a ela co nome de “galego”.


Esta tese, que xa fora defendida por outros autores portugueses con anterioridade, choca frontalmente co discurso oficial do país veciño (e dos reintegracionistas galegos), que teiman en chamalle “galego-portugués” ao estadio intermedio entre o latín e o portugués moderno. Aínda que, no fondo, se trata tal vez dunha cuestión meramente semántica, as implicacións históricas e identitarias desta controversia son enormes, porque a tese defendida por Venâncio supón que durante os primeiros trescentos anos da súa historia, no reino de Portugal falouse galego: unha lingua estranxeira orixinaria no territorio do seu eterno rival español. E por se iso non abundase, tamén, implica que o portugués moderno naceu como unha variante da mesma.

Explica Venâncio que a construción da lingua portuguesa se fixo favorecendo de maneira sistemática aqueles termos e solucións que se afastaban do galego, mesmo a costa de achegarse ao castelán ou de recuperar latinismos que se perderan, no marco dun progresivo proceso de “desgaleguización”. Para a refinada corte lisboeta, afirma o autor, o galego era sinónimo de lingua atrasada e inculta, e cumpría modernizar a lingua do sur afastándose da do norte tanto como fose posible.

O remate da “Reconquista” e a constitución dos Estados modernos español e portugués supuxo que o peso político de ambos se fose arredando progresivamente de Galicia, quedando esta relegada ao status de rexión periférica



Imaxe 3. Distribución xenética da poboación peninsular. Fonte: Nature Communications. Licenza Creative Commons BY.



Imaxe 4. As historias do portugués. Infografía feita con Canva.

e retratada ás veces nos imaxinarios populares español e portugués como un territorio rural, pobre e illado.

Posteriormente, xa no século XV, as conquistas de ultramar de españois e portugueses contribuírían a espallar as linguas castelá e portuguesa polos cinco continentes sen que os tratados de Tordesillas (1494) e Zaragoza (1529) conseguisen aplacar a rivalidade entre ámbalas dúas potencias. Nesta carreira pola conquista do mundo, Galicia participou do lado español, construíndose definitivamente a súa identidade moderna dentro da órbita política, lingüística e cultural hispana e de costas ao mundo lusófono e portugués. O divorcio entre Galicia e Portugal foi a culminación dun longo proceso histórico que se iniciara na Alta Idade Media: unha andaina inzada de rivalidades relixiosas, políticas e económicas que, a pesar de todo, non foron quen de destruír un patrimonio común galego-portugués que pervive ata os nosos días.

Un dos símbolos desa historia compartida é o chamado Couto Mixto, un minúsculo territorio independente de non máis de 1000

habitantes integrado por tres aldeas situadas na Raia entre Galicia e Portugal que sobreviviu dende o século XII ata finais do século XIX, como unha sorte de minúscula Andorra galego-portuguesa. O territorio estaba exento de pagar impostos e os seus habitantes podían escoller libremente se querían ter nacionalidade española ou portuguesa. Todos os documentos relacionados co Couto Mixto custodiábanse na “Arca das tres chaves”, estando cada unha delas en poder dos habitantes de cada unha das tres aldeas.

A Raia –que é como se coñece comunmente á fronteira terrestre entre España e Portugal– constituíu tamén un elemento historicamente característico da veciñanza entre ámbolos dous países. Arredor dela creouse toda unha identidade particular, ata o punto que os seus habitantes teñen nome propio: os “arraianos”, retratados nas historias do libro homónimo de Xosé Luís Méndez Ferrín (1991) e, máis recentemente, no galardado documental de Eloy Enciso (2012). A fronteira hispano-lusa está considerada hoxe como a máis antiga de Europa.

## As gaitas galego-portuguesas reclaman o seu espazo

No eido da música tradicional tampouco resulta nada difícil atopar un substrato común entre Galicia e Portugal. Se ben Galicia e Asturias son os territorios nos que a implantación da gaita é máis coñecida, cómpre recordar que a tradición gaitística abrangue tamén todo o norte da actual República portuguesa. Alí tocábase historicamente tres tipos de gaitas coñecidas como “gaita de fole” máis ou menos similares nas súas morfoloxías entre si e coas gaitas galega e asturiana, coas que probablemente comparten unha orixe común.

Hai quen di que as gaitas de fole portuguesas teñen un aspecto se cadra un tanto rústico ou rudimentario con respecto á súa irmá galega, que sufriu cambios importantes a mediados do século XX coa popularización do ronquete e do chillón, a xeralización da afinación en do, etc. E tamén, a partir dos anos 90, coas melloras introducidas polos mestres artesáns de aquén Miño: novos materiais nos foles, experimentación con palletas e pallóns máis resistentes aos cambios de humidade e temperatura, etc.

Durante ese tempo a gaita de fole portuguesa tamén recobrou pulo, pero manténdose máis fiel á xenética do instrumento orixinal, moi particularmente na variante costeira, tamén coñecida como “gaita galega”. Non son raros os portugueses que se achegan a Galicia a comprar unha gaita, aínda que teñan intención de utilizala para a interpretación do repertorio portugués. Inversamente, houbo nos últimos anos en Galicia un crecente interese pola gaita de fole portuguesa.



A necesidade de especificar en portugués que a gaita é “de fole” non é froito dun antollo, xa que “gaita” a secas é o nome con que se coñece alí a harmónica, de onde a necesidade dese complemento para evitar a confusión. “Gaita de boca” ou “gaita de beiços” son denominacións que coexisten tamén co de “gaita” e “harmónica” ao sur do Minho. E para complicar aínda máis as cousas, no Brasil, chámanlle “gaita” ao acordeón. Semellante enredo ten unha explicación moi sinxela: a gaita de fole, a harmónica e o acordeón comparten un funcionamento baseado en palletas: láminas de cana ou metal que vibran co paso do aire.

A “Associação Gaita de Fole”, fundada en Lisboa no ano 1999 é unha das iniciativas máis destacadas na defensa e recuperación do instrumento nas súas variantes de Minho, Trás-os-Montes e Beira Litoral. Pola súa parte, a asociación “Lelia Doura, Gaitas da Gallaecia” e a súa banda de gaitas constituíron tamén todo un referente, na cidade do Porto, na recuperación da memoria dun instrumento tradicional tan galego como portugués.

Moito máis recentemente deuse a coñecer o grupo braguense “Cabra Çega”, que tomando como punto de partida a música de raíces tradicionais, evoluiu cara sons alleos co gallo de enriquecer a súa proposta artística. A Cabra Çega gravou o seu primeiro álbum en 2013 e xa leva percorridos un bo número de festivais e escenarios por todo o país veciño. Outro grupo de gaita de fole moi coñecido en Portugal é “Galandum Galundaina”, creado en 1996 en terras mirandesas, onde a defensa da música tradicional vai case sempre da man da reivindi-

cación da lingua mirandesa: unha forma antiga de astur-leonés que quedou dentro de territorio luso e que goza de status de lingua cooficial dende o ano 1999.

Poderíamos completar a nosa brevísima recensión con outras dúas formacións de gaita de fole tamén moi coñecidas: “Gaiteiros de Lisboa” e “Dazkarieh”. A reivindicación da gaita como instrumento autóctono nas súas respectivas propostas musicais foi no seu momento bastante rompedor nun país afeito a que o fado fose o referente incuestionable da identidade nacional. Inventado en Lisboa na segunda metade do século XIX (é dicir, antonte, en termos históricos) e popularizado a través da radio e da televisión durante as primeiras décadas do XX, o fado eclipsou á que foi e segue sendo a máis antiga e arraigada tradición musical portuguesa (e galega): a gaita.

A situación en Portugal ten claros paralelismos coa nosa experiencia en España, onde as formas musicais do sur –e sen arraigo algún nos territorios do norte– eclipsan ás demais no imaxinario colectivo internacional. Tamén resulta tentadora a idea de ver na venda do fado como tradición musical portuguesa por antonomasia un paralelismo co proceso lingüístico de desgaleguización defendido por Fernando Venâncio na súa obra sobre a historia do portugués. As novas identidades evólven e substitúen ás vellas en procesos históricos frecuentemente irreversibles, de onde a necesidade de reivindicálas para non perdermos a memoria.

Desde o lado galego, a gaita de fole e a tradición musical portuguesa non son demasiado coñecidas polo público en xeral. Porén, os contactos históricos entre un e

outro lado da raia foron e seguen sendo numerosos e fecundos. Un bo exemplo deles é o festival internacional da lusofonía “Cantos na Maré”, dirixido desde hai anos por Nordesía, Uxía Senlle e Paulo Borges, no que se dan cita anualmente artistas e profesionais da música galegos, portugueses e doutros territorios lusófonos. Numerosas teñen sido tamén as colaboracións musicais entre grupos de alén e aquí Miño, dándolle vida sobre o escenario ao vello slogan reintegracionista que proclamaba que “na Galiza e Portugal todos falamos igual”.

## O reencontro de Galicia e Portugal nos séculos XX e XXI

Un feito que hoxe damos por sentado, pero que constituíu un logro maiúsculo nas nosas relacións foi a entrada en vigor, o 26 de marzo de 1995, do Acordo de Schengen, que permitiu por primeira vez a galegos e a portugueses cruzar a Raia sen control de pasaportes. Ir a Portugal deixou de ser cuestión dunha viaxe exótica ou dunha excursión a comprar toallas para pasar a constituír un verdadeiro movemento de masas, e non só de turistas: milleiros de traballadores dun e doutro lado da Raia comezaron a traballar e a vivir no espazo galego-portugués como se se tratase dun territorio único, multiplicándose os investimentos transfronteirizos e os intercambios comerciais.

Nese mesmo ano 1995 botaba a andar o proxecto “Ponte... nas Ondas!”: unha asociación cultural e pedagóxica que organiza actividades educativas a ambos lados da Raia buscando a promoción do patrimonio común galego-portugués en colaboración con centros educativos de Primaria e Secun-



Imaxe 5. Ponte Vella Internacional Tui-Valença. Fonte: Pixabay.

daria. O proxecto xurdiu en torno á creación dunha radio experimental transfronteiriza (de aí o seu nome) realizada integramente polos alumnos de ambos lados da fronteira. Na actualidade Ponte... nas Ondas! organiza toda clase de eventos educativos: encontros de xogos tradicionais, xornadas multimedia, certames de recolla, etc. Un dos seus proxectos máis senlleiros foi tal vez a promoción da presentación da candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués diante da UNESCO, apoiado publicamente por figuras da talla de José Saramago, Nélida Piñón ou Suso de Toro, entre moitos outros.

O pulo económico e comercial iniciado por Schengen viuse reforzado pola constitución da chamada Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Os primeiros contactos entre a Xunta de Galicia e a Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Regional do Norte (CCRN) datan dos anos 80 pero non sería ata setembro de 2008 que o proxecto cobraría forma de xeito definitivo. Dende a súa creación, a Eurorrexión xestionou innumerables proxectos de

colaboración transfronteiriza e conseguiu mobilizar unha cantidade importante de fondos europeos relacionados con eles.

Algo máis tarde, en 2014, o Parlamento de Galicia daría un paso de xigante nas relacións con Portugal, aprobando a chamada “LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía” (publicada no DOG do 8 de abril e máis coñecida como “Lei Paz Andrade”). Na súa exposición de motivos, a LEI 1/2014 di que:

No actual mundo globalizado, as institucións galegas, comprometidas co aproveitamento das potencialidades de Galicia, deben valorizar o galego como unha lingua con utilidade internacional (...) O portugués, nacido na vella Gallaecia, é idioma de traballo de vinte organizacións internacionais, incluída a Unión Europea, así como lingua oficial de nove países e do territorio de Macau, na China. Entre eles figuran potencias económicas como o Brasil e outras economías

emergentes. É a lingua máis falada no conxunto do Hemisferio Sur. (...) A lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outorga unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega. Por isto debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional.

A Lei ten como obxectivo, entre outros, a promoción da aprendizaxe da lingua portuguesa en Galicia e o intercambio de producións audiovisuais entre televisións públicas. Ese clima de bo entendemento con Portugal propiciou recentemente o histórico ingreso de España na Comunidade de Países de Língua Portuguesa (CPLP), que tivo lugar o pasado mes de xullo de 2021. España foi admitida na CPLP con estatuto de observador asociado, despois de tres anos de xestións da Xunta de Galicia co Ministerio español de Asuntos Exteriores, coa Unión Europea e coa propia CPLP.

Con este fito dáselle un pulo decisivo á relación con Portugal no eido lingüístico, cuestión historicamente moi politizada por mor das liortas ideolóxicas entre reintegracionistas (tamén chamados “lusistas”) e oficialistas, que só amainaron un pouco despois da entrada en vigor da reforma ortográfica do galego do ano 2003, popularmente coñecida como “Normativa da concordia”. A devandita norma oficializou algunhas das solucións reclamadas polo reintegracionismo, pero tamén consolidou ao mesmo tempo a tese de que o galego é unha

Imaxe 6. Río Miño. Fonte: Pixabay.

lingua de seu, malia a súa íntima relación co portugués, tal e como reflicte agora tamén a Lei Paz Andrade.

Outro síntoma de normalidade e dunha certa paz lingüística foi a elección de Ricardo Carvalho Calero como homenaxeado no Día das Letras Galegas do pasado 2020. Non en van o intelectual ferrolán foi unha das figuras clave do movemento reintegracionista en Galicia. Malia todo, o movemento lusista segue plenamente vixente e, aínda que de xeito bastante minoritario, mantén intactas as súas reivindicacións. Defenden este posicionamento certos lingüistas, intelectuais e asociacións, entre as que destaca a “Associação Galega da Língua” (AGAL), en contra da corrente maioritaria e oficial, de carácter isolacionista.

O asunto resulta sen dúbida apaixonante para os amantes da lingüística e da filoloxía, pero acabou por cansar á sociedade galega, farta de ver como se obstaculizaba o proceso de normalización da lingua debido a liortas internas que xa duran un século e que se demostraron irreconciliables. Unha polémica estéril para unha lingua que, segundo todas as estatísticas, padece unha alarmante hemorragia de falantes,

especialmente acentuada nos últimos anos. Ademais, a politización e ideoloxización extremas da cuestión portuguesa contribuíron probablemente a atrancar a plena e necesarísima potenciación do ensino do portugués como lingua estranxeira no sistema educativo galego.

### **Galicia e Portugal na encrucillada: Perspectivas de futuro**

Malia o construído ata o momento, a sensación a pé de rúa é por veces un tanto desalentadora. Aínda é recorrente a imaxe do turista portugués que se deixa caer por este lado da Raia, de compras no Corte Inglés, e descobre con sorpresa e admiración a existencia de Galicia e da lingua galega. A trepidante evolución fonética do portugués europeo cara a minimización das vogais e a progresiva castelanización da fonética galega non axudan para nada aos portugueses menos informados, que tenden a confundir o galego co castelán pola súa proximidade sonora.

Tamén resulta moi significativa a crecente popularización en Portugal do topónimo “Galicia” (escrito con acento gráfico no “i” para acomodalo á norma padrón portuguesa), substituíndo o nome

histórico de “Galiza”. Se ben xa non era de uso corrente aquén Miño, a denominación “Galiza” seguía sendo ata o de agora de uso habitual en portugués contemporáneo. O topónimo parece proliferar mesmo en folletos turísticos e documentos institucionais. Aberración ou mera innovación por contacto lingüístico, o certo é que que o termo se podería considerar todo un símbolo da “redescuberta” de Galicia por parte dos portugueses despois de séculos de ignorancia mutua.

Ao norte do Miño, a politización galopante da cuestión galego-portuguesa e a súa patrimonialización por parte do extremo máis progresista do arco ideolóxico tampouco axudaron a popularizar o achegamento norte-sur en capas máis amplas da sociedade. Curiosamente, en Portugal a situación foi diametralmente oposta, vindo algunhas iniciativas senlleiras a favor do (re)achegamento galego-portugués da man de sectores ultraconservadores, que vían en Galicia unha especie de berce místico, puro e incorrupto da nación portuguesa, fronte a “desviacións” ou evolucións “impuras” da lingua, como a africana ou a brasileira.

No ámbito máis material das conexións físicas e as infraestruc-



turas, o espectacular despegue do aeroporto Sá Carneiro nas últimas décadas e a súa crecente influencia en Galicia dan boa conta dos avances na integración de Galicia e o norte de Portugal en materia económica. O aeroporto portuense non encontra rivais nunha Galicia empeñada en defender a coexistencia de tres aeroportos locais cun negro futuro fronte á inminente chegada da alta velocidade ferroviaria. En cambio, o aeródromo portugués conta cun excelente plan de crecemento perfectamente trazado, executado con impecable coherencia ao longo de múltiples lexislaturas e sobre todo, libre de liortas localistas. Un crecente número de viaxeiros galegos atopan nel a oportunidade de viaxar rápida e comodamente sen ter que achegarse a Madrid e esquivando ao mesmo tempo as clamorosas eivas do seu propio sistema aeroportuario: caro, fragmentado, mal comunicado e desconectado do tren.

O recentemente anunciado proxecto de conexión ferroviaria de alta velocidade entre Oporto e Vigo –priorizada esta sobre a conexión Lisboa-Madrid– dá boa conta de como Portugal por fin aposta por tender pontes con Galicia, neste caso, literalmente.

Nun mundo cada vez máis globalizado, os territorios periféricos coma os nosos teñen que ampliar os espazos culturais e económicos para crear sinerxías que nos permitan competir no mundo. E ese proceso é ideal entre pobos que comparten visión e valores, así como un substrato histórico, lingüístico e cultural comúns, como o galego e o portugués. Ámbolos dous terán que volver ás orixes e recuperar o espírito daquel Camiño portugués primixenio polo que peregrinaron no seu día a Raíña Santa ou Manuel I, en busca dunha unidade de acción e na defensa dos seus valores e intereses compartidos.

#### REFERENCIAS

Arraianos. 2012. [DVD] Dirixida por E. Enciso Cachafeiro.

Bycroft, C., Fernandez-Rozadilla, C., Ruiz-Ponte, C., Quintela, I., Carracedo, A., Donnelly, P. and Myers, S., 2019. Patterns of genetic differentiation and the footprints of historical migrations in the Iberian Peninsula. *Nature Communications*, 10(1).

Caminodesantiago.gal. 2021. Camiño Portugués - Camiño de Santiago en Galicia: web oficial. [online] Dispoñible en: <<https://www.caminodesantiago.gal/gl/planifica/as-rutas/camino-portugues>>

Gaitadefoles.net. n.d. Associação Gaita-de-Foles | Portuguese Bagpipe Society. [online] Dispoñible en: <<https://www.gaitadefoles.net/index.html>>

Gaitadefoles.net. Grupos - Lelia Doura. [online] Dispoñible en: <https://gaitadefoles.net/grupos/leliadoura.htm>

Praza Pública. 2014. O patrimonio inmaterial galego-portugués persegue de novo o seu recoñecemento pola UNESCO - Praza Pública. [online] Dispoñible en: <<https://praza.gal/cultura/o-patrimonio-inmaterial-galego-portugues-persegue-de-novo-o-seu-reconecemento-pola-unesco>>

Xunta de Galicia. 2021. La Xunta participa en la reunión del Comité de Ministros de la Comunidad de los Países de Lengua Portuguesa (CPLP) en la que España ingresa como Estado “asociado”. [online] Dispoñible en: <<https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/60230/xunta-participa-reunion-del-comite-ministros-comunidad-los-paises-lengua-portuguesa>>

Méndez Ferrín, X., 1992. Arraianos. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Venâncio, F., 2019. Assim nasceu uma língua. Lisboa: Guerra e Paz, Editores, Lda.

# El Camino, siempre abierto

*Por José Salgado*

El pasado mes de mayo tuve la ocasión de visitar Francia y recorrer durante quince días, con el encargo de ilustrar el Tomo XIX De “La Gran Obra de los Caminos de Santiago”, que desde hace dos décadas viene publicando la conocida editorial coruñesa. La tarea, obtener unas 250 imáge-

nes de calidad en la línea de los volúmenes anteriores, se había demorado ya unos meses ante las incertidumbres constantes a las que nos venía sometiendo, tanto en España como en el país vecino, la pandemia que, huelga decirlo, ha alterado nuestras vidas en los últimos dos años. El autor de los tex-

tos, Antón Pombo, había facilitado previamente a la editorial los textos de un recorrido que, aunque ya conocido por mi en parte, presentaba ciertos desafíos. En conversaciones previas con Antón, yo mismo y Laura Rodríguez (directora de Hércules Ediciones) coincidíamos en que mi trabajo encerra-

ba la gran incógnita de sí encontraría peregrinos a lo largo de mi viaje. Antón, que había recorrido, como investigador concienzudo que es, la ruta en 2018, se ofreció a facilitar si era necesario, algunas imágenes de su periplo pre-pandémico: fotografías de un Camino lleno entonces de peregrinos y normalidad.

Las vísperas de mi viaje, con la abundante documentación, además del equipo fotográfico y los bagajes necesarios listos para dos semanas en Francia, las cosas se complicaron más si cabe. Nuestros vecinos registraban en esos días, finales de marzo, unos pésimos datos sanitarios en lo referente al COVID-19. La ya tan manida “incidencia acumulada” alcanzaba una cifra de 712 casos por cada 100.000 habitantes (el cuádruple que España en ese momento) y el país sumaba ya 95.000 fallecidos. A pesar que los grandes problemas sanitarios se concentraban en París, la Isla de Francia y varios departamentos del norte, el presidente francés Emmanuel Macron decretó un duro confinamiento general para todos los franceses durante el mes de mayo, impidiéndoles todo desplazamiento más allá de 10 kilómetros a la redonda de sus domicilios. Aquello equivalía, de facto, al cierre por ley de nuestros queridos Caminos a Santiago. Sin embargo, las necesidades de la editorial, que trabaja con una planificación rigurosa, no dejaban sin embargo, mucha opción. Provisto de la necesaria PCR y certificados diarios impresos en los que, al estilo español, aseguraba que

mi viaje era imperativo por motivos laborales, me puse en camino, en carretera entiéndase, para entrar en Francia por la autopista en Hendaya, con la intención de hacer noche en St-Jean-Pied-de-Port.

La entrada en Francia fue sencilla. Tras un café en Irún con un viejo amigo periodista, accedí a los accesos de la autopista en los que, para mi asombro, no había ningún control fron-



NAVARENX

terizo. En un segundo peaje, una pareja de gendarmes, me preguntó simplemente por mis intenciones: “soy periodista. Viajo por trabajo” y eso bastó para ellos. Llegué por fin a St-Jean-Pied-de-Port pasadas las 19h (hora del toque de queda general el Francia) sin ningún contratiempo. Aún a sabiendas de estar quizás un tanto fuera de la ley, las calles absolutamente vacías de la capital de Baja Navarra pedían a gritos comenzar el trabajo. Tras la cena y mirando de reojo en cada intersección me acerqué a la Porte d’Espagne, y tome las primeras fotografías, nocturnas ya, del viaje, en un escenario totalmente fantasmal.

Mi plan al día siguiente, por motivos de luces, orientación, etc. era acercarme temprano a las alturas del Pirineo y luego emprender un largo viaje hacia Espalion. La mañana en el Pirineo amaneció luminosa, con un molesto viento en las zonas altas. Ningún vehículo a la vista en todo el trayecto por la sinuosa carretera que lleva al Col de Bentarte, siguiendo el llamado Camino de Napoleón. A la altura de la cruz de Thibault mi primera sorpresa: dos jóvenes peregrinas francesas que pasan tranquilamente y me saludan. Aunque me resulta extraño, pienso que, quizás, el cercano paso a España exime a estas dos jóvenes de cumplir con el enclaustramiento que encierra a todos los franceses en sus casas. Me acerco a la enigmática Torre de Urkulu que domina los viejos pasos de Cizé, cerca ya de la muga con España y, hacia el mediodía, me pongo en carretera. Destino: Estaing.

Muchas veces me han hecho las mismas preguntas: que si realizo el Camino en este tipo de trabajos andando? Y también si lo hago en orden geográfico. En ambos casos la respuesta es no. La fotografía editorial, “de calidad” (por decirlo de algún modo) obliga a cuidar un buen número de factores. El principal, evidentemente, la luz. Así, las fachadas de edificios han de tener la luz perfecta, las panorámicas (si es posible) la dorada luz de la mañana o la tarde, los monumentos principales exigen alguna imagen nocturna, si están correctamente iluminados, etc. Al mismo tiempo siempre hay lugares emblemáticos de paso de peregrinos, cascos his-



BAS ARMAGNAC



CONQUES



GASCUÑA



CONDOM



ESTAING

tóricos de calles apretadas, mercados callejeros, chaparrones, días nublados, permisos gestionados en museos, citas concertada y mil cosas más que hacen de la planificación del trabajo sobre el terreno un arte enrevesado. Mi primera noche, un lugar intermedio antes de llegar al punto de partida del Camino, en Le-Puy-en-Velay. Llegué a Espalion pasadas las 19h. De nuevo hora del toque de queda. Me alojé en un pequeño hotel (la aplicación *Booking* ha sido, a pesar de mis prejuicios, de gran utilidad en el viaje) y más confiado ya, ante la ausencia total de la Gendarmería francesa, apure el crepúsculo visitando la villa de Estaing y la magnífica iglesia románica de San Hilarión de Perse.

En adelante, cada día, a pesar la situación que vivía el país, me fui ido encontrando con peregrinos desacomplejados que recorrían la Vía de Le Puy y sus localidades desiertas: en Estaing, en Rochagude, en Monistrol, Arzacq-Arraziguet, en Sensaq, en las cercanías de Navarrenx y en la dura subida a la ermita de Soyarce donde un amable matrimonio de jubilados me explicaron que su periplo duraba ya cuarenta días, con la doble compañía de dos asnos y dos perros. Incluso el último día de trabajo, en Ibañeta, junto a las ruinas de la capilla del Salvador, me topé a otros dos peregrinos que entraban en Navarra desde suelo francés. La suerte, supongo, ha hecho que algunos de ellos se cruzaran conmigo en lugares perfectos para tomar una buena imagen, que ilustre la dureza y la emoción del Camino. El libro, que verá la luz en otoño de este 2021, está suficientemente ilustrado en ese aspecto. Doy gracias. Pero el mensaje oculto que me ha transmitido este



GIBRALTAR

viaje es que el Camino, mejor dicho los peregrinos, no se detienen ante nada. Realmente, cada uno de los que cruzaron sus pasos con los míos estaba, literalmente, fuera de la ley en ese momento y aún así han continuado con sus planes igualmente. Al margen de que la ausencia visible de las fuerzas de Policía animaría a cualquiera a correr ese pequeño riesgo, la motivación ha sido para todos aquellos mucho mayor que los obstáculos: el gremio de la restauración se incluía en los sectores cerrados (imposible encontrar un restaurante abierto) y solo algunos alojamientos hosteleros parcialmente prestaban sus servicios. La vieja exhortación del *Ultreia e Suseia*, que impulsa al peregrino a continuar con paso firme, parece obrar el milagro en algunos: ni siquiera en un momento histórico como este, que remeda las viejas y devastadoras epidemias medievales, el Camino se ha cerrado. Los peregrinos, con su empuje, su fe en muchos casos, su firme determinación y ánimo, han mantenido viva la peregrinación milenaria incluso en sus días más oscuros.



SENSACQ



SOYARCE



LA ROMIEU



ROCHAGUDE



SOYARCE



ST JEAN PIED DE PORTJPG



# La HOSPITALIDAD en la Vía Stellarum

Por Francisco X. Castro Miramontes



Foto: Carlos Eduardo Marcos Quevedo

**“... al que van a venerar las gentes, Santiago, hijo de Zebedeo, la tierra de Galicia lo envía al cielo estrellado” (Códice Calixtino)**

El camino de Santiago es mucho más que una ruta geográfica, si bien es cierto que todo camino comienza en un lugar, y a través de sus hitos, se une ese lugar de inicio con otros lugares de destino.

Pero más allá del hecho topográfico, el Camino de Santiago se ha convertido en los últimos años en un foro de encuentro universal, entre personas venidas de diversos lugares del mundo, haciendo posible una hermosa evocación de lo que ha de ser la humanidad: una gran familia, sin fronteras, sin nada que pueda alejarnos los unos de los otros, sino todo lo contrario.

El Camino es así un puente que comunica, que une. En ese sentido es una auténtica metáfora de la vida misma.

Por eso podríamos decir que la vida es como un camino, un ir avanzando poco a poco, paso a paso, entre dificultades, pero siempre con la esperanza anclada en el corazón que nos permi-

te divisar un horizonte, una meta, o las pequeñas metas del día día, que hay que ir conquistando con esfuerzo y sacrificio.

El Camino de Santiago es también un regalo de la historia, desde aquella noche estrellada en plena Edad Media en que un santo ermitaño contemplase en la oscuridad reinante un baile y sinfonía de estrellas, que daría pie al descubrimiento en las entrañas de la tierra de un sepulcro que cambiaría la historia, no solo de Europa, sino también del mundo entero.

Santiago y sus caminos se ha convertido así en todo un símbolo de superación, y de apertura hacia la trascendencia, no en vano se suele decir que el Camino no concluye en la ciudad apostólica, sino que en realidad es allí en donde comienza el verdadero camino: la vida, tu vida.

El Camino de Santiago, el fenómeno de la peregrinación, es una pedagogía, un campo de experimentación, un laboratorio, es purgativo y curativo; lo saben y lo cuentan sus protagonistas: los caminantes, y también aquellos que junto al Camino desarrollan

la significativa y humana capacidad de acoger.

Es más que un viaje, es una experiencia intensa que nos abre a la vida y nos deja a solas con las emociones que habitan dentro de nosotros mismos. El Camino ayuda a liberar muchas emociones, y también a descargar pesos que llevamos en el alma. Caminar por fuera, es caminar también por dentro.

El Camino de Santiago es antes que nada una experiencia interior, una pedagogía que a fuerza de experimentar por fuera uno descubre lo mucho que hay por dentro. Y en este ejercicio de caminar por dentro se produce una purga, un descubrimiento, una lucha intestina contra la negatividad, que resulta ser sanadora. Se camina aparentemente por fuera, pero resulta que la meta a conquistar está dentro. Caminar libera y serena.

Sirva pues esta publicación como humilde homenaje a todas aquellas personas que han hecho posible esta hermosa y profunda experiencia que esculpimos y protegemos con tres sencillas palabras: **CAMINO DE SANTIAGO.**





# Do Cebreiro á Ponte Miñá (HOSPITAIS DE PEREGRINOS)

Por Xaime Félix López Arias



HOSPITAL DE SAN ROQUE OU DA MADALENA

Obra de misericordia “Dar pousada ao peregrino”  
As terras que baixan desde O Cebreiro até o río Miño foi seguida polas sucesivas xerazóns dos moradores beira do camiño das peregrinacións xacobeas, adicándolle a tan loable mostra de caridade medios e recursos cuantiosos, e mantendo pequenos hospitais onde se ofrecían teito e leito, pan, lume e sal, e en ocasións esmolos en diñeiro a aqueles que acreditando non seren gallofos preguiceiros, amostraban a súa motivación relixiosa, extendendo a súa atención tamén aos “pasaxeiros pobres”. Todos eles foron acollidos por monxes, frades e hospitaleiros, que agardaban ter por pagamento poderen escoitar no día do grande xuízo a benevolente palabra do Señor dicíndolles : “Hospede fun e acollichesme”.

As históricas institucións de caridade abertas aos peregrinos foron as seguintes:

## Concello de Pedrafita do Cebreiro

- HOSPITAL DA NOSA SEÑORA DO CEBREIRO.** (Na Vila do Cebreiro, Xurisdición do Hospital do Cebreiro) integrado no mosteiro bieito que “dá esmola a peregrinos pobres que transitan a Santiago”.
- HOSPITAL DA CONDESA.** (Na parroquia de San Xoán do Hospital, Xurisdición do Hospital do Cebreiro, na que o lugar do Temple de señorío particular). Fundado no século IX pola Condesa Egilo, esposa do Conde Gatón. En 1753 non estaba activo.
- HOSPITAL DE SANTA CATARINA DA FONFRÍA.** (Na parroquia de Xoán da Fonfría, da Xurisdición da Fortaleza de Torés, e na que había algúns vasalos do Mosteiro de Samos). O Hospital dependía do Convento de Terceiros de Melide, En 1753 os bens eran posuídos polo hospitaleiro Roque de Aira, que polo seu traballo disfrutaba de 2 ferrados de pan centeo. En esmolos consumían 300 reais en cada un ano.

## Concello de Triacastela

- HOSPITAL DA VILAVELLA.** (Na parroquia de Santa María da Vilavella, a medieval Santa María de Triacastela, onde estivo o Burgo Vello de Triacastela). Consérvase só a referencia toponímica. A freguesía estaba na Xurisdición de Triacastela, do Marquesado de Sárria, agás os lugares de Viduedo (de Samos), Teixo, Castiñeiro e parte da Lagoa de Reboliños (do Conde de Amarante).
- HOSPITAL DE SAN LÁZARO DA VILAVELLA.** Hospital para gafos (aqueixados pola lepra) na parroquia de Santa María da Vilavella.
- HOSPITAL DE SAN PEDRO.** (Na parroquia de Santiago de Triacastela, na parte da vila pertencente ao Conde de Lemos-Marqués de Sárria, Vilanova de Trisacastela ou Burgo Novo de Triacastela). En 1753 non estaba activo.
- HOSPITAL DE SANTA MARÍA MADALENA DE TRIACASTELA.** (Na parroquia de San Breixo da Balsa ou San Breixo de Triacastela, dependente do Deán e Cabido de Santiago, agás os lugares de San Breixo e boa parte da Vila de Triacastela que eran do Conde de Lemos-Marqués de Sárria). En 1753 o Hospital dependía do Bispo de Lugo, albergaba peregrinos e o seu administrador era o párroco de Santa María do Monte.

## Concello de Samos

- HOSPITAL DE MONTÁN.** Na parroquia de Santa María de Montán (no tempo antigo San Miguel de Montán ou San Miguel da Costa”, Xurisdición do Mosteiro de Samos). A casa fora fundada para hospital dos peregrinos, e polos anos 1696 debeu facer funcións nel o derradeiro hospitaleiro. Este hospital foi claro herdeiro da tradición de acollida prestada no mosteiro de San Miguel de Montán, ao que se refire un documento do ano 1058.
- HOSPITAL DE SAMOS.** (Na Vila de Samos, freguesía de Santa Xetrude, cabeza da Xurisdición de Samos). Era unha casa beira do río de Sárria e perto da ponte “que serve de Hospital para os pobres, que o mantén o Real Mosteiro sen dispoñer de renda ningunha”. Hospital para pobres e peregrinos “sen fundación que o sostivese, mantido polo Mosteiro e atendido polos monxes “pola súa devoción”. En 1764 o foreiro da Casa do Hospital tiña que “dar pousada aos pobres e peregrinos que viñesen pola



dita vila sin que niso poñan reparo”, e pagaba a renda aneira de unha galiña.

### Concello de Sárria

10. **HOSPITAL DA AGUIADA.** Na parroquia de Santo Estevo de Calvor, que ata 1840 foi do termo de Samos. No cruzamento do Camiño de Santiago co Camiño de Lemos a Asturias. Unha casa do lugar conserva o nome de Hospital.

11. **HOSPITAL DE SAN COSME DO CARBALLAL.** Na parroquia de San Salvador de Vilar de Sárria, “in strata publica peregrinorum”, na Xurisdición de Castelo dos Infantes e perto do perigoso paso da Lagoela do Pividal. Estivo activo a partires do século XIII, darredor dun eremitorio, primeiramente, e quedou memoria del no Campo e Capela no Castro de San Cosmede, e unha desaparecida romaxe. Algúns autores confunden este lugar coa ermida de San Cosme da Pena, en Froián.

12. **HOSPITAL VELLO DE SÁRRIA.** Estivo situado na vila de Sárria (Na Rúa Maior 16). Deixou de prestar funcións de acollida cando a edificación quedou colapsada na segunda metade do século XVI. Acabou sendo sede da Tulla da Obra Pía dos Guitián. Tiña capela.

13. **HOSPITAL DE SANTO ANTÓN ABADE.** (Na Vila de Sárria, cabeza da Xurisdición e Marquesado de Sárria, na actual Rúa Maior, nº 1). Estaba a carón da Igrexa de San Salvador de Sárria e perto da Fortaleza. Foi fundación de don Dinís de Castro e Portugal, crego e fillo bastardo do Conde de Lemos (finais do século XVI). Estaba baixo o goberno dun administrador que nomeaba unha hospitaleira e un zuruxano que coidaba aos enfermos. Tiña unha renda fixa de 300 ducados “e a obriga de darlle pousada a todos os peregrinos de volta da romaría do Apóstolo Santiago, e dando a esmola de 8 maravedís, traendo a cédula de comunión que chaman a “Compostela”, e acollen tamén aos enfermos, a quen lles dan 24 reais en cada un día para o seu alimento, e pagan 54



ferrados de centeo a Diego Varela, que os coida. Estaba baixo o padroado da Xustiza de Sárria e controlado polos marqueses de Sárria e o bispo de Lugo. En 1700 integrouse na Obra Pía dos Hospitais de San Lázaro e Santo Antón Abade. E foi sede do Rexemento da Vila e da Escola de Gramática. Perdeu a súa función a finais do século XVIII. Na actualidade ocupa o seu soar o Xulgado de Primeira Instancia.

14. **HOSPITAL DE SAN ROQUE ou DA MADALENA.** Estaba fronte ao Mosteiro da Madalena de Sárria, extramuros da vila de Sárria, ocupando terreos do actual Cemiterio Novo. Acolían ali aos peregrinos que “ían cara Santiago”, nun grande casarón con capela e casa para os hospitaleiros, derrubado a mediados do século XVIII. Esa asistencia a peregrinos era a motivación principal da institución e da actividade dos relixiosos, que gozaban de sustanciosas rendas en Sárria, Lemos e O Páramo, e dende o ano 1200 tiña a obriga de acoller e manter aos peregrinos, enterrando aos que alí morrían dentro da igrexa conventual, nas foxas a eles destinadas na Capela de San Lourenzo. En 1835, por mor da desamortización, deixou de cumprir a secular función de acollida.

15. **HOSPITALIÑOS NOVOS.** Dentro da Obra Nova do Mosteiro da Madalena, alzada baixo os auspicios do bispo Armyá. Tiña unha casa terrea anexa que foi eliminada. Na súa porta de entrada lese unha lenda, baixo dun escudo da orde de Santo Agostiño, a que die “Charitas aedificat”.

16. **HOSPITAL DE SAN LÁZARO.** Na parroquia de San Pedro de Maside (na actualidade dentro do barrio de San Lázaro de Sárria). Foi lugar de acollida de gafos, e a leprosería estivo activa até os anos finais do século XVII, baixo a atención da Xustiza da vila de Sárria, integrándose na Obra Pía dos Hospitais de San Lázaro e Santo Antón Abade. No Campo de San Lázaro celebraban os da Orde de San Lázaro unha feira aneira.



17. **HOSPITAL DE SANTO ESTEVO DE BARBADELO.** (Ou Santo Estevo de Requeixo, na parroquia de San Pedro de Maside, Xurisdición da Vila de Sárria). Dependeu da Orde do Temple. A súa igrexa e a capela posterior desapareceron.
18. **HOSPITAL DE BARBADELO.** Na parroquia de Santiago de Barbadelo (Priorado na Xurisdición do Mosteiro de Samos). Mantivo a tradición de acollida herdada dos mosteiros de “Sancti Iacobi”, Casa Domni Adilani” ou “Loc Sancti Iacobi”) e de “Sancto Martini in ripa Barbatelli”. No século XVIII fixeron un edificio anexo á sancristía para recoller peregrinos, espazo que aínda se conserva, dotado de cociña alta e lareira, que ben merecería labores de restauro.
19. **HOSPITAL DE SANTA MARTA.** Na parroquia de Santa María de Ortoá (Xurisdición da Vila de Sárria, e en parte do Señor de Bergondo), onde se conservan referenzas ao campo, hospital e ermida de Santa Marta. Foi herdeiro da anterior acollida nos desaparecidos mosteiros de San Salvador de Rosende e Santa María de Ortoá.
20. **HOSPITAL DE MORGADE.** Na parroquia de San Salvador da Pinza, no Couto de Morgade, dependente da Encomenda de Portomarín da Orde de San Xoán de Xerusalén (Orde de Malta).

### Concello de Paradela

21. **HOSPITAL DE MIRALLOS.** Na parroquia de Santa María de Ferreiros dependente da Encomenda de Portomarín da Orde de San Xoán de Xerusalén. Consérvase o fermoso templo románico, anexo ao hospital, que pasou a ser igrexa parroquial no século XVIII.

### Concello de Portomarín

22. **HOSPITAL DE SAN LÁZARO.** (Na Vila de San Pedro de Portomarín, Cabeza dos Coutos de Tras Loio) Creado para para atención de gafos. Situado na chaira de riba da vila de San Pedro de Portomarín, pasado o lugar de Vilachá das Cortes con tres casas terreas e fincas.
23. **HOSPITAL DE SAN PEDRO DE PORTOMARÍN.** (Na Vila e parroquia de San Pedro de Portomarín, que foi primeiro do Cabido de Santiago de Compostela, e pasou a ser de señorío particular). Era Hospital “de pobres peregrinos que transitan ao Santo Apóstolo”.

Na zona de influencia do Camiño de Santiago e en camiños a el confluentes aparecen documentados outros pequenos hospitais:

24. **HOSPITAL DO INCIO.** Na parroquia de San Fiz do Hospital do Incio (Encomenda de O Incio e A Broza, da Orde de San Xoán de Xerusalén).
25. **HOSPITAL DE SANTO AMARO.** Na parroquia de San Martiño de Loureiro, lugar do Barrio. Situado no Camiño de Lemos a Asturias, perto de Calvor.
26. **HOSPITAL DE GOIÁN.** Na parroquia de San Miguel de Goián, que foi de señorío da Mitra de Lugo, e despois de señorío particular. No “Camiño francés de Lugo a Monforte”.
27. **HOSPITAL DE TREBOLLE.** Na parroquia de San Martiño da Torre, no Páramo, Xurisdición da Encomenda de Portomarín, na beira do Camiño de Portomarín á Ponte de Neira.
28. **HOSPITAL DE PASCAIS (ALBERGARÍA).** Na parroquia de Santalla de Pascais, da Xurisdición do Mosteiro de Samos, posiblemente vencellado a unhas desaparecidas “augas santas” que gozaron de grande efeto curativo, perto da Ponte Nova.

Ao longo dos séculos houbo entre O Cebreiro e o Miño outras institucións onde acolleron peregrinos, integradas en pequenos mosteiroiros, igrexas, capelas con dotación, etc., promocionadas polo mosteiro de Samos, ou polas ordes de Santiago e de San Xoán de Xerusalén, ou mesmo por familias nobles, entre as que podemos sinalar como máis destacados os puntos de acollida de San Roque, Padornelo (vencellada ao Temple), O Furco, Santa Mariña, San Pedro de Viduedo, Ramil, Badomar e San Pedro na Balsa, Lousada, Calvor, San Bartolomeu de Porto Caneiro, Santa María de Loio e Santa Cruz de Loio.

Deixamos para outra ocasión o falarmos das tabernas e mesóns establecidos ao longo da “Corga dos Franceses”, camiño de peregrinacións, de comercio e emigración, de tránsitos militares de postas e de traxinantes: O vello “Camiño dos Cinco Reinos” arteria vivificadora das terras que a el se asomaban.



